

En cumprimento da normativa vixente, notifícolle que o ILMO. SR. DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, Tenente de Alcalde-Delegado da Área de Réxime Interior e Protección da Comunidade en funcións, ditou o día 1 de xuño de 2011 o DECRETO NÚMERO 523/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVICIO DA CORPORACIÓN, o cal é do teor literal seguinte:

“A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 1 de xuño de 2011 adoptou, entre outros, o acordo número 12/383, de aprobación de bases e convocatoria do proceso selectivo para a confección dunhas listas para contratación de persoal laboral temporal (contratado laboral interino ou contratado laboral temporal) para prestar servizos no Concello de Lugo na categoría de **Oficial conductor para o Parque Móbil**.

É así que sendo preciso convocar un novo preceso selectivo na categoría mencionada, e en virtude das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local polo artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e acordos de dito órgano de goberno, de delegación de atribucións, números 1/877 e 3/533, de datas do 18-10-2004 e do 20-6-2007, respectivamente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura temporal de prazas de **oficial conductor para o Parque Móbil**, de acordo coas seguintes bases:

“1.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se sinalan na data de finalización do prazo de presentación de instancias, tendo en conta que no prazo de corrección de defectos unicamente poderá corrixirse o requisito da non- presentación do DNI e da titulación.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se é o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola

PERSOAL

MLP/mca

Refº: 11Ndrconvbases_oficialconductor.doc

Asunto: BASES CONVOCATORIA OFICIAL CONDUCTOR

Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

- b) Estar en posesión do título de graduado escolar ou título superior ou equivalente.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir Tipo A, C y D+E

2.-ÁMBITO DE PUBLICIDADE

O anuncio de convocatoria farase público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Os sucesivos anuncios en relación con este proceso, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

3.- PRAZOS E REQUISITOS DE FORMA NA PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

Os/as que desexen tomar parte neste proceso deberán facelo constar na instancia que lles será facilitada no Rexistro Xeral do Concello. As instancias dirixiranse o Excmo. Sr. Alcalde do Excmo. Concello de Lugo, e nelas farase constar expresa e detalladamente ademais dos datos persoais do solicitante, que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos na base 1.

Prazo de presentación: o prazo de presentación de instancias será de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Se o último día coincidise en sábado ou festivo o prazo quedará prorrogado ata o seguinte día hábil inclusive.

Lugar de presentación: a presentación de instancias realizarase no Rexistro Xeral do Concello ou a través da vía establecida no artigo 38 da Lei 30/92 do 26

PERSOAL

MLP/mca

Refº: 11Ndrconvbases_oficialconductor.doc

Asunto: BASES CONVOCATORIA OFICIAL CONDUCTOR

de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Documentación que hai que presentar xunto coa instancia. As instancias terán que vir acompañadas dos seguintes documentos:

- a.- Fotocopia compulsada do DNI
- b.- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- c.- Fotocopia compulsada de toda a documentación que poida serlle puntuada neste proceso.

4.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Consistirá en dúas fases:

A) Realización dunha proba escrita que versará fundamentalmente sobre o coñecemento da Lei de seguridade Vial, así como dos Regulamentos Xerais de circulación, vehículos e conductores.

Esta proba terá carácter eliminatorio. Máximo: 15 puntos.
O aspirante que non supere esta fase non pasará á seguinte.

B) Baremo de méritos: non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para superar as probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito. Máximo: 10 puntos

Baremo de méritos:

a) Experiencia profesional, ata un máximo de 4 puntos:

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na Administración local, e referidos ós últimos 10 anos: 0,051 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo suscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación nesta alínea será cualificada como 0 puntos.
- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca nunha Administración pública (Estado, comunidades autónomas, provincia ou municipio) e referidos ós últimos 10 anos: 0,025 por cada mes completo ou fracción superior a 15 días. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar unha certificación da Administración de que se trate, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou

PERSOAL

MLP/mca

Refº: 11Ndrconvbases_oficialconductor.doc

Asunto: BASES CONVOCATORIA OFICIAL CONDUCTOR

contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste puntos será cualificada como 0 puntos.

- Servizos realizados na mesma categoría e posto similar ó que se convoca na empresa privada e referidos ós últimos 10 anos: 0,012 puntos por mes. Para acreditar estes traballos os interesados deberán presentar a vida laboral, onde conste o tempo traballado na categoría á que se opta, así como copia compulsada do nomeamento ou contrato de traballo subscrito para o efecto. De non presentarse a citada documentación, ou se presente outra diferente á aquí referida, a puntuación neste parágrafo será cualificada como 0 puntos.

b) Pola titulación académica que se posúa, computarase unicamente o título de maior nivel dos alegados e ata un máximo de 2 puntos. Non será puntuada a titulación esixida para a praza á que se opta:

- Título de bachelato superior, formación profesional de 2º grao, ciclo superior ou equivalente: 0,50 puntos.

c) Formación:

Por cursos relacionados coa actividade que se vai desenvolver, impartidos pola Administración ou homologados, ata un máximo de 2 puntos. Os cursos que, a xuízo do tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados.

- Menos de 15 horas: 0 puntos
- De 15 a 39 horas: 0,10 puntos
- De 40 a 79 horas: 0,20 puntos
- De 80 a 159 horas: 0,40 puntos
- Más de 160 horas: 0,75 puntos.

d) Pola inscrición como demandante de emprego nos últimos tres anos, cun máximo de 1,20 puntos: 0,10 puntos por cada mes completo. O aspirante deberá presentar certificación expedida polo INEM, e acreditativa da citada inscrición e o tempo dela, non tendo validez, para estes efectos, ningunha outra documentación achegada (non será admitida como acreditación, nin a tarxeta de demandante de emprego, nin a de renovación, nin o certificado de vida laboral, etc.). De non presentarse a certificación do INEM, a puntuación deste parágrafo será de 0 puntos.

e) Pola realización ou validación, se é o caso, do curso de iniciación á lingua galega: 0,50 puntos. E pola realización ou validación, se é o caso,

do curso de perfeccionamento da lingua galega: 1 punto. A puntuación máxima deste parágrafo será de 1 punto.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

- 1) Puntuación pola orde dos parágrafos anteriores
- 2) Solicitante de maior idade.

En todos os casos será requisito imprescindible a copia compulsada dos documentos que acrediten os méritos que alega o aspirante.”

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de **dous meses**, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de **un mes**, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.”

O que lle notifico para o seu coñecemento e oportunos efectos, rogándolle que asine a copia que se xunta, para constancia no expediente.

Lugo, 7 de xuño de 2011
A Técnico de Xestión

Carmen Mª Torre Abuin

TABOLEIRO DE EDICTOS